

**FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO
E AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE
LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**

Curso 23 - 24

CEIP Plurilingüe de Rubiáns

NORMATIVA REGULADORA:

- **ORDE** do 10 de maio de 2023, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24
- **DOG** publicado o 19 de maio de 2023
- **Procedemento administrativo:** ED330B

CEIP Plurilingüe de Rubiáns

INFORMACIÓN

Infórmase da apertura do prazo para as seguintes solicitudes:

- Solicitud de **Axudas para adquirir Libros de Texto** para os cursos de 1º e 2º de E. Primaria.
 - Tamén para o alumnado cunha discapacidade $\geq 65\%$ e para o alumnado NEAE.
- Participación no **Fondo Solidario** de Libros de Texto para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria
- **Adquisición de Material Escolar** para toda a etapa de E. Primaria.

CEIP Plurilingüe de Rubiáns



PARA TER EN CONTA

- **O alumnado matriculado en 5º e 6º de Primaria entrará no programa E-Dixgal**, polo que non empregará libros de texto. Porén, poderá solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúna os requisitos establecidos na orde.
- **O alumnado de 3º e 4º de Primaria** pode solicitar a participación no fondo solidario de libros de texto independentemente da súa renda per cápita, pois se houberse libros dispoñibles poderían entregárselle.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

do 22 de maio ata o 21 de xuño

- Presentarase unha única solicitude para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2023/24.
- No caso de presentala por sede electrónica, será unha solicitude por cada fillo.

CEIP Plurilingüe de Rubiáns

FORMA DE PRESENTACIÓN

- PREFERIBLEMENTE por vía electrónica a través de:
 - A aplicación informática
(<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>)
 - A sede electrónica da Xunta:
(<http://sede.xunta.gal>)
- OPCIONALMENTE, presencialmente no propio centros adxuntando o **impreso ED330B (Anexos I e II)**, que poden descargar nos arquivos anexos.

CEIP Plurilingüe de Rubiáns

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- **ANEXO I debidamente cuberto.**
- **ANEXO II** para a comprobación dos membros computables da unidade familiar. **Só no caso de oposición ás consultas de identidade e renda:**
 - *DNI ou NIE*
 - *Certificado de discapacidade recoñecido pola Xunta.*
 - *Percepción de calquera tipo de pensión.*
 - *Documentos xustificativo da declaración de renda do 2021 ou equivalente.*
- Se o solicitante posúe DNI ou NIE:
 - Copia do libro de familia ou equivalente onde aparezan todos os membros computables.
 - En caso de separación ou divorcio: sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor.
 - Nos casos onde a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 da orde de convocatoria: certificado ou volante de convivencia onde figure o alumno/a e todos os membros cos que convive ou un certificado de servizos sociais que acredite a situación familiar.
- Certificado acreditativo de grao de discapacidade, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta.
- Acreditación de violencia de xénero.
- Resolución xudicial de curatela representativa ou de patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres no se produza a revisión desta medida, no caso que corresponda.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai ou a nai ou titor ou titores carezan de DNI ou NIE.

CONTÍA DAS AXUDAS

	Renda per cápita familiar	E.P.
Fondo libros de texto 3º e 4º de Primaria	- igual ou inferior a 6.000 €	6 libros
	- superior a 6.000 € ata 10.000 €	4 libros
Adquisición libros de texto 1º e 2º de Primaria	- igual ou inferior a 6.000 €	240 €
	- superior a 6.000 € ata 10.000 €	160 €
Material escolar (todos os niveis)	- igual ou inferior a 6.000 €	75 €
	- superior a 6.000 € ata 10.000 €	60 €

- Terase en conta a renda da unidade familiar do exercicio fiscal do ano 2021 dividido entre o número de membros computables

PRAZOS:

- **Ata o 21 de xuño:** Presentación de solicitudes.
- **Ata o 17 de xullo:** Publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas para o Fondo libros cos libros asignados.
- **Entrega de vales:** Enviarase abalar coa data de inicio de entrega de vales e tamén se publicará na web.
- **Entrega de libros:** A entrega de libros de texto a todos os beneficiarios de Fondo libros realizarase a primeira semana de setembro.

CEIP Plurilingüe de Rubiáns



IMPORTANTE

Ler detidamente e con atención esta información para **cumprimentar** **correctamente** a solicitude especialmente os apartados sobre membros computables da unidade familiar e documentación a presentar.

** Os documentos aportados deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación e **reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2021**, agás no caso de violencia de xénero en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

ENLACES E ARQUIVOS:

- **Orde da participación**
- **Anexos I e II**
- **Manual de Usuario para a aplicación Fondo Libros**
- **Instruccións para a cumprimentación dos Anexos I e II.**

Para calquera aclaración poden consultar a convocatoria na Orde do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto engadida nos anexos ou ben dirixirse ao centro escolar.